



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 402
20 de decembro de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Rexeitamento das iniciativas

■ 29768 (10/PNC-002381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en consenso cos concellos e os axentes sociais, dun plan de creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais, así como nas proximidades das grandes empresas [135794](#)

■ 34768 (10/PNC-002826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia pra mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde [135794](#)

■ 35905 (10/PNC-002878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a constitución por parte da Xunta de Galicia dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais e as asociacións e os colexios de profesionais médicos, co fin de avaliar a situación da atención primaria e adoptar as medidas necesarias para garantir unha asistencia sanitaria de calidade [135794](#)

■ 37896 (10/PNC-003040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a prestación do servizo de Pediatría con carácter permanente e en horario completo no Centro de Saúde de Mondariz [135795](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en comisión

■ Resolución da Presidencia do Parlamento, do 19 de decembro de 2018, pola que se admite a trámite a solicitude de comparecencia, por petición propia, ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea no documento núm. 41852 [135798](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ Convocatoria para a implantación da carreira profesional no Parlamento de Galicia [135796](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 20 de decembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento das iniciativas

- 29768 (10/PNC-002381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en consenso cos concellos e os axentes sociais, dun plan de creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais, así como nas proximidades das grandes empresas

BOPG n.º 299, do 03.05.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 34768 (10/PNC-002826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia pra mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde

BOPG n.º 350, do 03.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 35905 (10/PNC-002878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a constitución por parte da Xunta de Galicia dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais e as asociacións e os colexios de profesionais médicos, co fin de avaliar a situación da atención primaria e adoptar as medidas necesarias para garantir unha asistencia sanitaria de calidade

BOPG n.º 354, do 12.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 37896 (10/PNC-003040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a prestación do servizo de Pediatría con carácter permanente e en horario completo no Centro de Saúde de Mondariz BOPG nº 368, do 10.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en comisión

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 19 de decembro de 2018, pola que se admite a trámite a solicitude de comparecencia, por petición propia, ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea no documento núm. 41852

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co núm. de rexistro 41852, o escrito da Xunta de Galicia polo que se solicita a comparecencia, por petición propia, ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para informar sobre os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Admitir a trámite e cualificar como solicitude de comparecencia ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior o doc. núm. 41852.

2º. Dar traslado á Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

3º. Ordenar a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

4º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Convocatoria para a implantación da carreira profesional no Parlamento de Galicia

En cumprimento do acordo da Mesa do Parlamento do 17 de decembro de 2018 polo que se aproban as Normas básicas da carreira profesional do persoal da Administración parlamentaria e segundo se establece na disposición transitoria primeira das anteditas normas, ábrese o prazo de presentación de solicitudes para o recoñecemento do grao I de carreira profesional, dirixido ao persoal funcionario e laboral que se atope en servizo activo no momento da entrada en vigor das normas.

A solicitude realizarase utilizando o formulario que se achega con esta convocatoria, que se deberá presentar no Rexistro do Parlamento xunto coa copia compulsada do documento que acredite a formación mínima de 25 horas en calquera dos ámbitos relacionados coas funcións e actividades que se desenvolven na institución, incluída a participación en tribunais de selección ou comisións de valoración de procesos de selección ou de ter impartido formación nas dependencias parlamentarias ou fóra delas.

O prazo de presentación de solicitudes remata o luns 7 de xaneiro ás 14.00 horas.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018

Francisco Javier Freire González

Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior

PROCESO EXTRAORDINARIO DE IMPLANTACIÓN DA CARREIRA PROFESIONAL NO PARLAMENTO DE GALICIA

SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DO GRAO I

(Disposición transitoria primeira das Normas que regulan a carreira profesional horizontal do persoal ao servizo do Parlamento de Galicia)

NOME E APELIDOS:		
DNI:	Toma de posesión no Parlamento* Data: <input type="text"/>	Servizos noutra Administración ** Si
CORPO OU ESCALA E GRUPO DE CLASIFICACIÓN:		
UNIDADE ADMINISTRATIVA:		

*no caso do persoal laboral, a data do inicio da súa relación laboral co Parlamento de Galicia

**en caso afirmativo xuntarse certificado de servizos

Solicita á Mesa do Parlamento o recoñecemento do GRAO I da carreira profesional.

Achégase copia compulsada do documento que acredita a súa formación cun mínimo de 25 horas en calquera dos ámbitos relacionados coas funcións e actividades que se desenvolven na Institución, incluída a participación en tribunais de selección ou comisións de valoración de procesos de selección ou de ter impartido formación nas dependencias parlamentarias ou fora delas.

Relación de cursos, actividades formativas impartidas, tribunais ou comisións de valoración nos que participou, con referencia ao número de horas en cada un deles

actividade	horas
actividade	horas
actividade	horas

Data:

Sinatura do/a empregado/a

Os datos de carácter persoal que se faciliten nesta solicitude quedarán rexistrados nun ficheiro da Administración do Parlamento de Galicia, de conformidade co establecido no Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e segundo o rexistro de actividade de tratamento denominado "xestión de procedemento de persoal" do Parlamento de Galicia.

Finalidade do tratamento: o Parlamento trata datos de carácter persoal a efectos de xestión e administración dos recursos humanos do Parlamento de Galicia. O tratamento dos datos de carácter persoal limitarase ao mínimo imprescindible para o cumprimento das súas funcións ao servizo desta administración. Os datos persoais non serán tratados de maneira incompatible cos ditos fins nin para a adopción de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Lexitimación: o cumprimento de obrigas legais e exercicio de poderes públicos segundo o disposto no (art. 6.1 c) do RXPDP.

Destinatarios: a administración do Parlamento de Galicia. Non está prevista a cesión destes datos a terceiros.



Exercicio de dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade dos datos ou oposición ao tratamento, a través da presentación das súas solicitudes, por medio do formulario:

http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/w eb/ProteccionDeDatos/FOR.DPD.0001.PUB_formulario_proteccion_datos.pdf, na seguinte dirección de e-mail: pdcp@parlamentodegalicia.gal



XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª Institucional, Administración Pública, Xustiza e Interior- do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para informar **“sobre os obxetivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado”**.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727